

## SANIDADE

■ Motivan o 80 por cento das consultas

### Feijóo quiere reorientar o sistema para as doenzas crónicas

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, comprometeuse onte a traballar cos profesionais do sector médico na consecución "dun futuro de calidade para os enfermos crónicos", e considerou "imprescindible" reorientar o sistema sanitario para pasar dunha "medicina de agudos" a unha de "crónicos".

O xefe do Goberno autonómico inaugurou onte o II Congreso Nacional de Atención ao Paciente Crónico, celebrado no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela e que reunirá ao redor de 700 profesionais do mundo da medicina e onde se abordará a visión económica, epidemiolóxica e política da atención a este tipo de enfermos, mediante a revisión da situación xeral en España e en Galicia.

#### "É o gran desafío da sociedade moderna"

Feijóo sinalou que a atención ao enfermo crónico "é o desafío principal ao que se enfronta a sociedade moderna", porque as enfermidades deste tipo experimentaron un aumento "espectacular" a escala estatal, e reafirmou o interese da Xunta por mellorar o modelo de asistencia a estes pacientes "en calquera dos ámbitos de actuación, desde a prevención, ata a xestión".

Así mesmo, destacou que desde o Goberno galego estase fomentando "a xestión integrada" para promover a implicación dos profesionais na toma de decisións, "mediante a evolución do sistema organizativo", e impulsando un cambio no que, segundo Feijóo, "terán un papel protagonista os pacientes". Concluíu sinalando que as enfermidades crónicas "son e serán a primeira causa de mortalidade e morbilidade do Estado" e que supón un 80% das consultas a atención primaria, un 60% dos episodios de hospitalización de agudos e un 70% do gasto sanitario. Unha situación que se volve, segundo o presidente da Xunta, "máis delicada", naqueles lugares con poboación máis envellecida. Durante o congreso participan o conselleiro de Sanidade do Goberno vasco, Rafael Bengoa; o catedrático de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Universidade Autónoma de Madrid, Fernando Rodríguez; e o catedrático de Economía aplicada da Universidade da Rioxa, Fernando Antofañanzas, "os múltiples e complexos retos da prevención e a xestión das enfermidades crónicas na sociedade". ●E.P.